

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Eva Solla Fernández**, membro do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión V**, relativa ao aparcadoiro do novo hospital de Vigo.

A privatización do novo hospital de Vigo acumula un regueiro de eivas que lastran o aproveitamento pleno das súas posibilidades para en troques encher con cartos públicos os petos privados da unión de empresas concesionarias. Así as camas previstas quedaron reducidas á metade, esfumouse o laboratorio central do complexo hospitalario, e todo elo nun contexto onde os estudos críticos elaborados pola plataforma en defensa da sanidade pública descubren un enorme sobrecusto económico para as arcas públicas públicas (de 408 a 1.794 millóns de euros). Eivas que se ocultan nun mar de opacidade por parte das concesionarias e do SERGAS.

Do penúltimo suceso desta listaxe de desfeitas derivadas da privatización do hospital informou o xerente da área sanitaria á Xunta de Persoal e ten que ver co prezo que van ter que aboar as persoas usuarias do aparcadoiro do centro hospitalario e os propios traballadores e traballadoras do centro.

Cada membro da plantilla do centro hospitalario terá que aboar 40 euros mensuais por poder aparcarse o vehículo co que van ir ao seu posto de traballo. Non pequena peaxe nun país cos salarios en redución para que gañen máis as empresas dos amigos do PP. Para as persoas usuarias, o prezo increméntase ate ao redor dos 60 euros.

Novo hospital de Vigo que a día de hoxe aínda adoce dun sistema de transporte público urbano e interurbano que facilite o acceso da plantilla e da cidadanía as súas instalacións.

Para este grupo parlamentario cómpre que no proceso de adxudicación prime o interese público e polo tanto o persoal de plantilla e a cidadanía teñan acceso gratuíto as instalacións do aparcadoiro.

Polo referido o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

- Como valora a Xunta os onerosos prezos que vai ter o aparcadoiro do novo hospital de Vigo tanto para as persoas usuarias como para a plantilla do centro hospitalario? Que actuacións vai desenvolver a Xunta para remedialo?
- Contempla a Xunta de Galicia realizar as xestións oportunas conducentes a garantir a gratuidade do aparcadoiro do novo hospital de Vigo para todas aquelas persoas, usuarias e plantilla, que teñan que utilizalo?

En Compostela, a 6 de xullo do 2015.

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 06/07/2015 10:15:27